



## Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

# Admisión Formación Profesional 2021-2022

- Réxime ordinario
- Réxime para as persoas adultas

## Instrucións aos centros para ocupar polo réxime de persoas adultas as prazas que resultaron vacantes do réxime ordinario

Versión 1 (Actualizado 24/09/2021)



Xacobeo 21-22

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.



## Índice

---

|   |  |   |
|---|--|---|
| 1 | Introdución.....                               | 3 |
| 2 | Remate do proceso de admisión e matrícula..... | 4 |
| 3 | Matriculación en XADE.....                     | 5 |





# 1 **Introdución**

---

## **Xustificación**

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece no artigo 19.2 que as ofertas das ensinanzas de formación profesional poderanse flexibilizar de xeito que permitan, nomeadamente ás persoas adultas, a posibilidade de combinaren o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais.

## **Ampliación da oferta**

A Orde do 24 de xuño de 2021 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2020/21, establece na disposición adicional primeira a ampliación da oferta do réxime de persoas adultas coas prazas vacantes no réxime ordinario. Textualmente:

- “As prazas que resulten vacantes, logo de finalizadas as correspondentes fases de admisión e matrícula polo réxime ordinario, poderán ser ocupadas en réxime de persoas adultas. Para estes efectos, amplíase a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, de ciclos formativos de formación profesional, en todos os centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan autorizada a oferta polo réxime ordinario para o ano académico 2021/22.

## **Admisión**

- O proceso e os prazos para dar cumprimento á devandita disposición adicional primeira serán:
  - As prazas de módulos que resulten vacantes, logo de finalizadas as correspondentes fases de admisión e matrícula polo réxime ordinario, poderán ser ocupadas en réxime de persoas adultas.
  - Para tales efectos, o día 4 de outubro, os centros educativos farán pública no taboleiro de anuncios unha relación de todos os módulos profesionais liberados en cada ciclo formativo.
  - A matrícula farase no prazo comprendido entre o 5 e o 8 de outubro, por estrita orde de chegada de solicitudes de maneira presencial.
  - O proceso de matriculación neste réxime rematará ás 13:00 horas do día 8 de outubro. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.



- No caso de ciclos formativos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en proceso de implantación, unicamente será de aplicación aos módulos profesionais do primeiro curso.
- Por último, o alumnado matriculado no curso 2021-2022 polo réxime de persoas adultas en módulos profesionais dun ciclo formativo, nun centro que tamén ofrezca as mesmas ensinanzas polo réxime ordinario, poderá ampliar a súa matrícula no mesmo centro nos módulos profesionais que resulten vacantes por este procedemento. En todo caso, a matrícula parcial de módulos realizarase para o mesmo ciclo formativo e non poderá superar a carga lectiva anual de 1000 horas.

## 2 Remate do proceso de admisión e matrícula

### Procedemento de matriculación polo réxime de persoas adultas coas prazas que resulten vacantes do réxime ordinario

- Os módulos que resulten vacantes polo réxime ordinario poderán ser ocupados en réxime de persoas adultas no prazo comprendido entre o día 5 ás 9:00 horas e as 13:00 horas 8 de outubro, ambos incluídos.
  - No réxime de persoas adultas a matrícula realízase por módulos soltos, polo que o alumnado interesado poderá matricularse en calquera dos módulos profesionais que teña prazas vacantes do ciclo formativo (tanto de primeiro como de segundo curso), sempre que se garanta a compatibilidade horaria do 90%.
  - As persoas interesadas poderán matricularse sempre que cumpran os requisitos de acceso establecidos na normativa vixente. Lembren que para títulos LOE unha persoa sen requisitos de acceso pode matricularse en módulos asociados a unidades de competencia se ten máis de dous anos de experiencia no sector.
  - O día 4 de outubro os centros educativos farán pública no taboleiro de anuncios unha relación de todos os módulos profesionais con prazas vacantes en cada ciclo formativo, para ofrecelos en réxime para persoas adultas.
  - As persoas interesadas poderán matricularse no prazo comprendido entre as 9:00 horas do día 5 e o 8 de outubro as 13:00 horas por estrita orde de chegada de solicitudes de maneira presencial no centro. A matrícula parcial de módulos realizarase para o mesmo ciclo formativo e non poderá superar a carga lectiva anual de 1000 horas. O alumnado considérase matriculado nos módulos profesionais a partir da entrega da correspondente solicitude de matrícula e, polo tanto, iniciará a asistencia ás clases.
  - Os centros recollerán as solicitudes verificando que non superen o número de prazas vacantes dispoñibles para cada módulo.
  - As solicitudes cargaranse na aplicación "Ciclosadmisión" para o que a partir do martes 5 de outubro disporán dunha pestana chamada "10 Traspaso prazas". Hai que ir a esa pestana e premer en "Engadir", a continuación introducir o DNI ou DOI, logo indicar o ciclo e o





módulo solicitado, e para finalizar premer en "gardar" (haberá que repetir o proceso para cada módulo solicitado). Tamén existe a posibilidade de marcar o curso completo (1º curso), só deberá facerse esta marca no caso de persoas que non estiveran matriculadas en ningún ciclo formativo.

- Se no momento da carga da solicitude a aplicación indica que implica unha matrícula simultánea, a inspección do centro terá que autorizar a simultaneidade.
- Ata o día 13 de outubro a dirección do centro educativo público deberá “validar” as solicitudes recibidas e cargadas na aplicación; para iso terá que verificar que o número de solicitudes cargadas non sexa superior ao número de prazas vacantes que existe en cada módulo.
  - Na pestana “Traspaso de prazas” premer en “validar” cando os datos sexan correctos. Completada esta fase poderanse realizar as matrículas en XADE.

### 3 Matriculación en XADE

---

Para a matriculación poden darse ata tres situacións:

#### **Alumnado que só solicita módulos profesionais vacantes do réxime ordinario.**

Todo o alumnado que solicitara só módulos profesionais vacantes do réxime ordinario será matriculado polo réxime de persoas adultas en Xade nun mesmo grupo de nome "X". A ese grupo poráselle a descrición: Ordinario/Adultos.

- **Resumo:**
  - Réxime: Persoas adultas.
  - Grupo: X.
  - Descrición: Ordinario/adultos.

#### **Alumnado matriculado no réxime de persoas adultas no centro e que amplía a súa matrícula con módulos profesionais vacantes do réxime ordinario.**

Todo o alumnado matriculado en módulos profesionais do réxime de persoas adultas e en módulos vacantes do réxime ordinario polo réxime de persoas adultas será matriculado polo réxime de persoas adultas en Xade nun mesmo grupo de nome "Y". A ese grupo poráselle a descrición: Ordinario/Adultos/Mixto.

- **Resumo:**
  - Réxime: Persoas adultas.
  - Grupo: Y.
  - Descrición: Ordinario/adultos/Mixto.





## **Alumnado que só está matriculado en módulos profesionais da oferta do réxime de persoas adultas.**

Este alumnado seguirá nos mesmos grupos nos que xa estaba matriculado.

